

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005 * 2025
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

Alén, Máis Alá

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Toña, a vedoirá

Segundo E. Lence-Santar e Guitián¹, cronista oficial de Mondoñedo, no calexón de Padilla desta cidade vivía en 1903 unha muller xa anciá, chamada Toña. Era natural de Romariz ou Labrada, en Abadín (Lugo). Fora costureira e criada da famosa cega mindoniense coñecida como A Pachacha². Toña botaba “a peneira”, levantaba de palabra a espiñela, vira “as fachas” na Fraga Vella, a Estadea cabo da casa de Pepe dos Agros e tres almas en pena en Zoñán. Sabía moitos romances, entre eles o da Delgadiña, cantares, adiviñas e contos populares. O propio Lence-Santar recolleu dela as seguintes oracións:

Á Virxe

Cando n-a miña cama me deitei,

seis anxiños atopei:

tres ós pés, tres á cabeceira

e Nosa Señoriña n-a dianteira.

Deume a palabra, dinll'a resposta:

San Xibao é meu hirmau;

San Vicente, meu parente,

que me puxo a cruz n-a frente,

pol-o poder que Dios ten

y-a Virxen María. Amén.

Para librarse do Demo

Adora a Santa Veracruz

y-as tres misas de Nadal

y-o cirio Pascual

y-a Procepción de Ramos

y-arrenega todol-os díaños.

Á lúa nova

Dios te bendiga, lúa nova,

que me non roya can nin cobra,

nin couusa que durma for a,

pol-o poder que Dios ten

y-a Virxen María. Amén

Para curar as queimaduras

O pan pr'a fame, e y-auga pr'a sede, y'o lume pr'o frío. Eisi como estas tres palabriñas son verdade, non cabes, nin queimes, nin ares, e cúrame estas carnes, pol-o poder que Dios ten, y-a Virxen María. Amén.

Para curar o fogo (irritación da pel)

Santa Apolacia, tres fillas tiña, unha, urdía; outra, roía, y-outra, ... pol-a iauga iba. Eisi como estas

palabriñas son verdade, non luzas, non comas, non probalezas, nin roezas, nin fagas cousas que mal parezas. Te ... corto. N-a terra te boto, pol-o poder que Dios ten y-a Virxen María. Amén.

Nota: Esta oración dise tendo nunha man un prato cunha pouca de terra, e na outra, unha navalla aberta, co que, ao dicir “ N-a terra te boto”, faise unha cruz na terra.

A San Bartolomeu

San Bartolomeu se levantou

e as suas maus e os seus pes lavou,

e seu cayado d'ouro pillou,

e pr'o monte camiñou.

Subiu pol-a costa enriba

tocando n-a campaiña.

Atopou a dentelongo (lobo)

—¿A onde colles dentelongo?)

—Vou pra onde hay moitos

becerriños e vacas,

ovelliñas e cabras.

—Ehi che ven Santa María,

cordas novas che faría.

—As alleas velarei,

y-as tuas n-as comerei.

Pol-o poder que Dios ten

y-a Virxen María. Amén.

1 Véxase referencia bibliográfica. Segundo o autor, estas notas formaban parte dun libro, entón inédito, que ía levar por título “Guía histórica de Mondoñedo”, capítulo dedicado ao calexón de Padilla.

2 A Pachacha era un cega mindoniense, do Couto de Outeiro, que percorreu co seu violín Galicia, norte de Portugal, León e ambas Castelas. O que fora o seu violín posuíao en 1936 o tenor e violinista da catedral de Mondoñedo, Enrique Iglesias, quen o tocaba desde que cumprira doce anos.

BIBLIOGRAFÍA

LENCE-SANTAR e GUITIÁN, E. (1936): Folklore gallego. Rezos. Vallibria (Mondoñedo), 25 de xullo de 1936.